A Xunta está a deseñar un proceso ordenado e de transición que permitirá non deixar en ningún momento de atender a conservación das propias autovías, e tamén xestionar de modo axeitado a subrogación do persoal de conservación das mesmas aos novos contratos de conservación. É dicir, a Xunta de Galicia traballa para garantir a subrogación de todos os postos de traballo que resulten da aplicación do Convenio xeral do sector da construción vinculados ás autoestradas do Salnés, do Barbanza, Ourense- Celanova, e máis Santiago-Brión.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas conta con realizar os trámites de adxudicación dos contratos de conservación nos vindeiros meses, para que se poidan iniciar antes de que remate o ano, toda vez que o Consello da Xunta deu o seu visto e praxe este 2 de xuño de 2025".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 13:11:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 13:11:22
Nº Rexistro: 27061
Data envío: 10/06/2025 13:11:22.079

CSV: BOPGDSPG-gcjlAjwmh-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24758**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego verbo da mellora da rede de saneamento e depuración do concello de Oia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"É preciso aclarar que as competencias en materia de saneamento e depuración de augas residuais son estritamente municipais, tal e como se recolle na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997, do 2 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

En todo caso, a Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, sempre ten a man tendida para axudar a outras administracións, a solicitude de estas, a mellorar a xestións dos recursos hídricos e das infraestruturas relacionadas coa augas, respectando sempre as competencias propias das institucións que xestionan o territorio neste eido.

Esta cuestión, ademais, foi abordada na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos celebrada o pasado 5 de febreiro de 2025 e respondida polo director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añón, en resposta á POC 15892.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 5 de febreiro de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTUwZTIwZTYtMjc5MC00M2UxLTJhNDEtZDBiNGMwYzVmYTdj&start=1422.217>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 13:11:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 13:11:11
Nº Rexistro: 27060
Data envío: 10/06/2025 13:11:11.472

CSV: BOPGDSPG-gcjlAiwmh-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24865**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne á planificación da política para erradicar das cidades galegas os asentamentos chabolistas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia aprobou o pasado 24 de marzo de 2025 a Estratexia de inclusión social da poboación xitana en Galicia 2025-2030, dotando así dun novo marco de referencia para o reforzo e reorientación de medidas dirixidas a acadar con maior eficacia a promoción e inclusión social da poboación xitana.

A nova Estratexia traballará para promover o desenvolvemento dos dereitos fundamentais das persoas xitanas e normalizar as súas condicións e calidade de vida en todos os eidos, incluíndo a súa participación plena social e económica. E para acadar esta meta, o documento establece oito obxectivos estratéxicos, catro deles de carácter horizontal e outros catro de ámbito sectorial, que inciden en dimensións clave. Un destes obxectivos sectoriais é precisamente o de mellorar as condicións residenciais e das vivendas da poboación xitana.

As medidas concretas orientadas a cumprir estes obxectivos formarán parte dos dous plans operativos 2025-2027 e 2028-2030, a través dos que se implantará a Estratexia. Neses plans incluíranse medidas concretas dirixidas a avanzar na erradicación do chabolismo e a infravivenda, que deberán desenvolverse en coordinación coas demais administracións públicas e departamentos competentes na materia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27010
Data envío: 09/06/2025 23:15:35.266

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/06/2025 23:15:34

CSV: BOPGDSPG-gcjlAiwmh-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24960**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as situacións vividas os días do apagamento eléctrico nas residencias de maiores e centros sociosanitarios de Galicia e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir nestes casos a súa autonomía enerxética"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Durante o apagamento eléctrico sucedido o 28 de abril, no eido dos servizos sociais non se rexistrou ningunha incidencia grave que afectara a actividade ou á saúde dalgún usuario, só cuestións puntuais que foron solucionándose.

Con respecto aos **centros residenciais de maiores e de persoas con discapacidade**, desde primeira hora da tarde a Consellería de Política Social e Igualdade púxose en contacto cos centros para brindarlle apoio e coñecer de primeira man as súas necesidades. Todas foron emendándose en coordinación coas demais consellerías competentes.

Como non se podían realizar comunicacións cos centros, tomouse a decisión de botar man dos membros de brigadas de montes, da protección civil e da Garda Civil para achegarse aos centros a coñecer in situ as necesidades.

As incidencias foron sucedéndose ao longo da noite pero en coordinación coa Garda Civil, a protección civil e as brigadas de montes púidose achegar subministros.

Unha vez se retomou a electricidade e puido haber comunicacións, a Consellería de Política Social e Igualdade volveu a poñerse en contacto coas residencias para coñecer a situación. Non houbo incidencias salientables".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/06/2025 23:15:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27009
Data envío: 09/06/2025 23:15:29.034

CSV: BOPGDSPG-gcjlAjwmh-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24980**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"os prazos para a resolución das solicitudes de recoñecemento do grao discapacidade, nomeadamente no departamento territorial de Ourense, e as medidas que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia para a súa axilización"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia aprobou un Plan de reforzo de persoal que permitiu a creación en Galicia de 14 equipos de valoración, 1 deles en Ourense.

A finais do ano 2023 creouse en estrutura nos Servizos Centrais, a Xefatura de Servizo de Discapacidade, o que permitiu que tanto o Servizo de Dependencia como o de Discapacidade se centrasen exclusivamente cada un na súa área e se ganase en eficiencia na planificación das súas funcións, así como na coordinación coas Xefaturas Territoriais no seu ámbito competencial. Ata ese momento, existía un único servizo para as dúas áreas.

Tamén se creou en estrutura 1 equipo de valoración por xefatura, é dicir, 12 novos profesionais, e por tanto un equipo novo en Ourense.

En total creáronse dous novos equipos e a xefatura de Servizo no Departamento Territorial de Ourense.

Así mesmo, co obxecto de atallar o retraso nas valoracións que supuxo a aprobación do Real Decreto 888/2022., de 18 de outubro polo que se establece o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e que se puxo de manifesto en numerosas ocasións, o Goberno galego o pasado 27 de decembro aprobou o Plan de axilización e simplificación dos trámites de Dependencia e Discapacidade.

É dicir, o Goberno galego está a adoptar medidas que van dende a contratación de persoal como a simplificación dos procedementos, medidas que conxuntamente permitirán garantir a resolución do procedemento en prazo.

A este respecto temos que destacar que o citado plan está tendo resultados moi positivos en toda Galicia, e en concreto, en Ourense nos cinco primeiros meses do ano resolvéronse 2.602 expedientes, que representa un 74,28% mais que no ano anterior, e tendo en conta que nos últimos cinco anos se presentaron 27.022 solicitudes".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/06/2025 23:15:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27008
Data envío: 09/06/2025 23:15:22.057

CSV: BOPGDSPG-gcjlAjwmh-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25080**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e don Oscar Insua Lema, sobre **"o carácter da actividade institucional da conselleira de Política Social e Igualdade, os criterios para incluír ou non os seus diferentes actos na axenda pública e a relación de entidades, empresas ou institucións coas que se reuniu nesta lexislatura"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"En relación á pregunta sobre os actos da conselleira de Política Social e Igualdade, informamos que a actividade institucional das persoas que ocupan altos cargos no sector público autonómico, aparecen publicadas no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.

Este portal é público e pode accederse a través da seguinte ligazón:

<https://transparencia.xunta.gal/tema/transparencia-institucional-organizativa-e-de-planificacion/gobierno-e-altos-cargos>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/06/2025 23:12:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27007
Data envío: 09/06/2025 23:12:02.882

CSV: BOPGDSPG-gcjlAjwmh-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25086**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as valoracións que fai o Goberno galego verbo da atención aos maiores e ás persoas dependentes en Oia e da necesidade de dotar este concello dun centro de día público"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A rede de centros de día dependentes da Xunta de Galicia que xestiona o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar teñen dende sempre un ámbito comarcal ou supramunicipal, para dar servizo a usuarios de varios concellos.

Neste senso, na comarca do Baixo Miño existe xa o Centro de Día de Tomiño, que ten unha capacidade para 40 usuarios. A maiores, na comarca do Val Miñor está tamén en servizo o Centro de día de Baiona, ubicado nun concello limítrofe co concello de Oia.

Sen prexuízo do anterior, existen tamén nesas comarcas unha rede de centros de día xestionados por entidades privadas ou de iniciativa social para os cales a Xunta de Galicia colabora cos seus usuarios a través das libranzas vinculadas, que permiten a eses usuarios acudir ao centro de día da súa elección".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27006
Data envío: 09/06/2025 23:11:56.107

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/06/2025 23:11:55

CSV: BOPGDSPG-gcjlAjwmh-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25101**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, sobre **"o número de prazas públicas de ensino infantil de 0 a 3 anos existente na comarca do DezaTabeirós e Terra de Montes e as opcións que ofrecerá o Goberno galego ás familias que queden sen este servizo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia dispón dunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España, con máis de 32.000 prazas que permiten dar resposta á demanda de prazas nunha etapa educativa que é totalmente voluntaria, e que non é financiada polo Goberno. Ademais, son unhas escolas accesibles grazas ao programa de gratuidade implantado pola Xunta de Galicia, medida pioneira en España que a Xunta comezou a desenvolver no curso 2019-2020 e que lles permite ás familias pagar 0 euros pola matrícula e a atención educativa dos seus fillos, cun aforro medio por familia de preto de 3.000 euros cada curso escolar.

A Xunta de Galicia destina este ano 2025 máis de 65 millóns de euros ao programa de gratuidade: é dicir, as familias galegas aforran 65 millóns ao levar aos seus fillos a unha escola infantil. A dotación orzamentaria deste programa é asumida en solitario pola Xunta de Galicia en solitario, dado que a contribución do Goberno central a este programa é de 0 euros.

A principal consecuencia da aplicación deste programa é o aumento das taxas de escolarización na etapa 0-2, ata acadar cifras históricas sen precedentes en Galicia. Como xa ten informado o Goberno galego no Parlamento, Galicia é a comunidade de España coa maior taxa neta de matriculación no 1º ciclo de Educación infantil.

En concreto, Galicia é líder absoluta en España, cunha taxa de escolaridade que supera o 60% no 1º ciclo de Educación Infantil e que supera en case 13 puntos a media española. Isto supón que Galicia é a comunidade autónoma onde máis familias poden acceder a unha praza nunha escola infantil. Ademais, con estes datos, Galicia xa está a cumprir sobradamente os obxectivos que marca a Unión Europea para o ano 2030: cinco anos antes de chegar a esa data, Galicia xa supera en máis de 15 puntos o obxectivo da UE.

En canto as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia na comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, o Goberno galego seguirá apostando firmemente pola implantación do programa de gratuidade na etapa 0-3, cun investimento nestas dúas comarcas que superará este ano os 2,5 millóns de euros -financiados exclusivamente polo Goberno galego- para financiar as 670 prazas 0-3 gratuítas para as familias que están autorizadas pola Xunta de Galicia nestas dúas comarcas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por último, respecto aos fondos MRR para a escolarización 0-3, a posición da Xunta de Galicia non ten variado desde principios de 2022: estes fondos estiveron mal deseñados desde un inicio, porque non tiveron en conta a opinión das Comunidades Autónomas e o feito de que as taxas de escolarización son moi distintas entre CCAA. Estes fondos non se podían usar para financiar as prazas públicas xa existentes, da Xunta de Galicia ou doutras administracións, nin tampouco se podían usar para mellorar as escolas infantís da Xunta de Galicia xa existentes, algunhas con moitos anos de existencia e que obviamente podían ser obxecto de importantes melloras

E pese a iso, a Xunta de Galicia puxo a disposición dos concellos galegos unha orde de subvencións para a creación de novas prazas 0-3 de titularidade municipal, tal como nos reclamaran no seu momento os propios concellos. E grazas a esta orde de subvención, vanse crear arredor de 1.000 novas prazas públicas 0-3 a disposición das familias galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27005
Data envío: 09/06/2025 23:11:49.253

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/06/2025 23:11:48

CSV: BOPGDSPG-gcjlAjwmh-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25105**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"as características e condicións da subvención anunciada polo presidente da Xunta de Galicia á rehabilitación de vivendas baleiras que se destinen ao alugamento"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A convocatoria do programa Fogar Vivo está actualmente en tramitación, pero existe información detallada sobre o mesmo nas webs da Xunta de Galicia e do IGVS na nota de prensa publicada a raíz do Consello da Xunta do 19 de maio de 2025.

A Xunta informou de que o Consello aprobou "destinar 5,7 millóns de euros a un novo programa para promover que 1.300 vivendas de titularidade privada se poñan en alugueiro con rendas accesibles". Trátase do programa Fogar Vivo, anunciado o pasado mes de abril polo presidente Alfonso Rueda no Parlamento, e que busca ampliar a oferta de inmobles en alugueiro na comunidade.

Tal e como explicou a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, as axudas – "que esperamos ter convocadas este verán"- van dirixidas a propietarios de vivendas baleiras para "darlles unha nova vida e que supoñan unha oportunidade para acceder a un fogar digno, de calidade" e a un prezo accesible.

Os propietarios poderán recibir "ata 16.000 €" por vivenda para realizar reformas e adaptala para poñela en alugueiro ou para cubrir os gastos de seguros de impago ou de fogar. Unhas medidas que se suman, como lembrou a conselleira, "aos incentivos fiscais que están en marcha desde xaneiro" para os propietarios que poñan en alugueiro novos inmobles.

Entre os requisitos para que as vivendas poidan acceder ao programa Fogar Vivo é que estas deben estar baleiras, entendéndose por tales aquelas que non fosen arrendadas nos tres meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.

Ademais, as vivendas deberán destinarse ao alugamento, cando menos, durante cinco anos ou sete anos no caso de persoas xurídicas, de acordo co previsto na lexislación de arrendamentos urbanos.

Características principais do programa:

A contía máxima das subvencións impulsadas pola Xunta será de 16.000 euros por vivenda, e variará segundo se as actuacións son para a adecuación e reparación das vivendas que se incorporen ao mercado de alugamento cunha renda accesible ou se son axudas directas, para facer fronte ao custo dos seguros de impagamento e ou de multirrisco no fogar, como garantía do contrato de alugamento que se formalice no marco deste programa.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En concreto, os incentivos para a adecuación e reparación das vivendas que se incorporen ao mercado de alugamento cunha renda accesible poderán acadar ata os 11.000 euros. As actuacións subvencionaranse polo 80% do gasto xustificado, con independencia do número de actuacións que se realicen.

Pago anticipado:

Para facer efectivas estas axudas, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata un 80% das axudas concedidas previamente á xustificación das obras executadas. Neste suposto, o 20% restante pagarase coa xustificación final da obra.

Ademais, o novo programa propón incentivos vinculados, con axuda económica directa para aqueles contratos de alugamento en que figure/n como persoa/s arrendataria/s mozos e mozas menores de 36 anos, persoas con menores a cargo ou unidades familiares con persoas dependentes ao seu cargo con algún grao de discapacidade, no caso de vivendas que solicitaran a axuda para a adecuación e reparación. A contía da axuda será de 2.000 euros.

Doutra banda, o programa Fogar Vivo tamén dispón de axudas económicas directas, para facer fronte ao custo dos seguros de impagamento de rendas e/ou seguros de multirrisco de fogar como garantías do contrato de alugamento que se formalice no marco deste programa. A contía da axuda será de ata 3.000 euros para toda a duración do contrato de alugamento (5 anos para as persoas físicas, 7 anos para as persoas xurídicas).

As liñas básicas deste programa foron validadas na Sección de intermediación e financiamento do Observatorio de Vivenda de Galicia que tivo lugar o 25 de abril de 2025 en que estaban representados os concellos de Galicia por medio da Fegamp; os axentes da propiedade inmobiliaria por medio do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria; as inmobiliarias de Galicia a través da Asociación Galega de Inmobiliarias; o Consello Galego de Arquitectura Técnica, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Federación de Promotores de Galicia e a Asociación Provivenda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26964
Data envío: 06/06/2025 14:43:39.985

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2025 14:43:39

CSV: BOPGDSPG-gcjlAjwmh-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25124**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, sobre **"a postura da Xunta de Galicia en relación coa acollida de menores migrantes non acompañados e as declaracións realizadas pola conselleira de Política Social e Igualdade ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia vén participando de xeito activo nos acordos voluntarios para a redistribución de nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados que residen nas illas Canarias e na cidade autónoma de Ceuta. De feito, Galicia é unha das comunidades que máis menores acolleu a través destes acordos, votando todos os anos a favor deles fronte a outras comunidades -coma por exemplo, Cataluña- que non votou a favor do último acordo acadado, en 2024.

E como xa ten manifestado en reiteradas ocasións, Galicia demanda que para facer fronte á situación de emerxencia migratoria, é necesario traballar con previsión, planificación e coordinación entre o Goberno e as Comunidades Autónomas; contar cunhas regras de xogo claras e equitativas, iguais para todas as comunidades; e dispoñer dos recursos que garantan unha atención axeitada aos menores mentres formen parte do sistema galego de protección, que é o máis importante.

Neste sentido, a conselleira de Política Social e Igualdade ten explicado que Galicia dispón dun modelo de acollemento que é totalmente integrador, xa que non existen centros específicos para a atención de menores migrantes. Ao contrario, en Galicia o 100% dos menores estranxeiros que acceden ao sistema de protección intégranse en recursos ordinarios con outros adolescentes de Galicia, o cal favorece a súa integración na nosa Comunidade Autónoma.

Fronte a esta posición, o Goberno central ten optado en primeiro lugar por actuar con total deslealdade, atacando ás Comunidades Autónomas con medias verdades ou falsidades, coma as gravísimas acusacións realizadas polo Ministerio de Xuventude e Infancia respecto do cumprimento dos acordos voluntarios de acollemento. A realidade é que son as Comunidades Autónomas as que levan anos axudando na medida das súas posibilidades á aquelas zonas de España que peor o están pasando, xa que o Goberno central está delegando a política migratoria nas Comunidades Autónomas, en vez de asumir as súas competencias e exercelas.

Por todo iso, Galicia ten manifestado que non vai aceptar imposicións por parte do Goberno central, e insta ao Executivo a retomar a vía do diálogo e do consenso como fórmula para garantir o mellor acollemento a todos os menores migrantes que o precisan.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Finalmente, informar de que na última reunión sectorial, o Goberno central só trasladou que Galicia non recibirá financiamento para o acollemento de menores migrantes, e non indicou ningunha cifra de menores a acoller nin prazos para efectuar os mesmos.

En canto ás compensación ás familias acolledoras, a Xunta de Galicia lembra que estas compensacións xa veñen de ser incrementadas con efectos desde o 1 de maio de 2025, grazas ao incremento da dotación orzamentaria incluída na Lei de Orzamentos para 2025, que recibiu o voto en contra do BNG”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/06/2025 23:11:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27004
Data envío: 09/06/2025 23:11:42.496

CSV: BOPGDSPG-gcjlAjwmh-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25209**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións do Goberno galego verbo das demandas de obras de mellora no acceso e na zona exterior do complexo residencial de maiores de Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O concello de Cerdedo-Cotobade é un exemplo en materia de atención ás persoas maiores, tanto pola rede de centros existentes nese termo municipal como pola colaboración institucional entre o concello e a Xunta de Galicia para seguir mellorando eses servizos.

Neste senso, en concreto no núcleo de Cerdedo existen na actualidade dous centros:

-Un centro de atención a persoas maiores, que alberga no mesmo inmobile un centro de día con capacidade para 30 usuarios, e un Fogar Residencial con capacidade para 18 prazas.

-A maiores en 2023 entrou en servizo unha nova Residencia con capacidade para 46 usuarios, tras unha inversión de 2 millóns de euros, que ademais ten un amplo espazo exterior.

Todos estes centros públicos están xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que en colaboración co propio concello de Cerdedo-Cotobade, teñen executado distintas melloras en ambos centros, principalmente no centro máis antigo que alberga o centro de día e o fogar residencial.

Así nos últimos anos se teñen financiado obras, tanto para mellorar o illamento e revestimento exterior da fachada, como para realizar outras reformas interiores que melloraron o confort e comodidade dos usuarios do centro.

Continuaremos na mesma liña de seguir financiando as melloras necesarias en colaboración co propio concello como titular do inmobile, entre as que se valorarán tecnicamente a correspondentes á zona exterior".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/06/2025 23:11:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27003
Data envío: 09/06/2025 23:11:28.863

CSV: BOPGDSPG-gcjlAiwmh-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25996**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a información que prevé trasladar o Goberno galego en relación cos resultados da visita do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración á fábrica de Sargadelos e as súas previsións sobre o futuro desta empresa"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A visita do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración á planta de Cervo está enmarcada nos contactos que está a manter a Xunta de Galicia coa dirección de Sargadelos. Neste caso, tratouse dunha visita interna ás instalacións da planta.

O Goberno galego remarca a súa vontade para facilitar a implantación das medidas que corrixa as deficiencias detectadas a raíz da inspección, dándolle prioridade á saúde dos traballadores e traballadoras, atendendo coa máxima sensibilidade legal as singularidades dun edificio catalogado como BIC.

Non obstante, cómpre trasladar que a análise técnica sinala que o subsanamento destas eivas é perfectamente compatible co mantemento da actividade. A colaboración da Xunta irá sempre da man de garantir a continuidade da planta e o respecto dos dereitos laborais do persoal.

Neste sentido, a Xunta está a traballar con seriedade, discreción e rigor, e apelando á responsabilidade de todas as partes para atender, con todas as garantías, o futuro dos traballadores e traballadoras e o da propia planta de Cervo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2025 14:43:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26963
Data envío: 06/06/2025 14:43:23.513

CSV: BOPGDSPG-gcjlAjwmh-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

